

Os analistas que se achegaron á tradución galega duns anacos do *Ulises* non profundaron na maneira en que esta novela chegou ás mans de Otero Pedrayo (no fondo da Fundación Penzol non hai rastro de contactos con Larbaud). Ata a aparición deste, a única presenza francesa nas páxinas da revista *Nós* foi a de Philéas Lebesgue entre 1920 e 1922. Larbaud tamén exercería de antena francesa pero para que enviase un exemplar do *Ulises* e mais o libro de Simone Tery precisaría –sospeitamos– dun padriño ou avalista de solvenza. Tal vez quen fixo de alcaio intelectual fose Joan Estelrich.

A loa que Risco lle fixo a Larbaud sería excesiva se apenas exercera o papel de correo. Por iso supoñemos que tivo unha actuación máis activa, tal vez uns anacos da novela en francés que lle servisen a Otero Pedrayo para vertelos en galego. Non xulgaremos aquí en termos de moralidade tal feito, pois daquela era habitual se temos en conta as limitacións que tiñan cara ás linguas estranxeiras que non fosen o francés.

É evidente que houbo interferencia dunha versión en francés

O certo é que, segundo lle contaba á súa nai nunha carta datada en Santander o 14 de agosto de 1926, “entreteño parte de la tarde dando lección de inglés”. Cativo proveito tiraría se temos en conta que regresaron a Ourense o 10 de setembro. E se lembramos o protagonista de *Arredor de si*, Adrián Solovio apenas sabía inglés. Daquela, por que unhas clases nuns poucos días? Quen sabe se, como din Patricia Arias e Mónica Pazos, aquel “profesor muy bueno” fose un guía para cadrar unha primeira tradución de urxencia (en castelán ou en galego?) do orixinal inglés do *Ulises* nuns anacos acoutados nunha versión francesa. Como tampouco podemos perder de vista que *Nós* non saía do prelo nas datas que figuraban na cabeceira senón semanas despois (baste



con repasar as referencias a revistas portuguesas).

O que resulta evidente –polo menos en relación aos textos traducidos– é

que houbo interferencia dunha versión en francés. K.A. McKevitt sinalou que

hai erros que só se explican por inxerencia francesa; outros analistas fixeron evidentes as limitacións de Otero verbo da lingua inglesa. Nese senso, non esquezamos o apostolado que Larbaud exercía verbo do *Ulises*: dalo a coñecer ma-



Á esquerda: Ramón Otero Pedrayo. Sobre estas liñas: monumento a James Joyce (Dublín).



O escritor e xornalista mallorquín Joan Estelrich (1896-1958).

Joyce en galego (e II)

Ramón Otero Pedrayo, tradutor

JOAQUIM VENTURA

A crítica literaria galega non reparou bastante (case que nada) na importancia que tivo Joan Estelrich para poñer en contacto o galeguismo emerxente das Irmandades da Fala co nacionalismo catalán conservador e as respectivas manifestacións culturais. Con todo, non foi ata tempos recentes (cómpre salientar o traballo de Jesús Revelles) cando desde a crítica en catalán se tomou en consideración a súa figura, unha vez quedaron superados moitos dos prexuízos que pesaban sobre el, especialmente pola súa adhesión ao réxime fran-

quista desde os anos da guerra civil.

Nacido en 1896 nunha familia conservadora de Felanitx (Mallor-

Joan Estelrich, o embaixador

ca), foi escritor e xornalista precoz e xa en 1918 xestionou o achegamento de Francesc Cambó a intelectuais e políticos portugueses e galegos. Ben axiña apareceron arti-

gos seus en *A Nosa Terra* e en 1922 sucedeu a Tomàs Garcés como corresponsal catalán de *Nós*, papel que exerceu ata os anos trinta. Profundamente iberista e europeísta, procurou a amizade de intelectuais europeos comprensivos coa pluralidade española, entre eles Larbaud, a quen presentou na conferencia que deu en Barcelona en 1923.

Interesado e asemade xeneroso, puxo a disposición de Vicente Risco os seus contactos para así axudar a dar corpo ao nacionalismo cultural galego.

lia as obvias dificultades do orixinal. Por iso non sería de estrañar que co envío a Ourense viaxasen outros materiais auxiliares, quen sabe se un anaco da tradución de Morel.

Por iso cansa a insistencia que, sen demostrar a competencia de Otero Pedrayo cara ao inglés en 1926 (nunca traduciu máis nada), teima na pureza da tradución deses anacos do *Ulises*. Máis aínda cando tradutores desde o inglés (Linati, o propio Larbaud) recoñeceron as dificultades da súa lectura. Daquela, por que Otero deixou páxinas do *Ulises* sen tallar? Entendeu dabondo a novela como para que a súa intuición coincidise, nin que fose parcialmente, coa de Larbaud?

A cuestión máis importante a considerar, en definitiva, é se a tradución foi boa e se a súa publicación influíu na literatura galega posterior. Canto ao primeiro asunto a resposta non pode ser afirmativa: Otero non foi capaz de captar a vontade paródica de Joyce na enumeración de palabras técnicas e estranxeiras (hebreas, gaélicas, latinas); coa apropiación enxebrista que fixo (en axeitada definición de M.C. Millán Varelá), alterou a precisión verbal do autor. E canto ao segundo, e vistas as súas obras posteriores, apenas tivo repercusión na narrativa oteriana ou doutros escritores do seu tempo. Risco e Otero anunciaron un sinal da vangarda literaria europea pero foron refractarios á modernidade que contiña.